



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

Prescricións técnicas para a contratación dunha asistencia técnica para a elaboración do informe anual 2021 do Galp Seo Fisterra Ría Muros Noia Costa Sostible e un resumo divulgativo do mesmo.

Xustificación.-

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia. Costa Sostible foi recoñecido como entidade colaboradora pola Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020, segundo o convenio de Colaboración asinado coa Consellería do Mar na data do 23 de febreiro de 2016.

A actuación do Grupo debe contribuír ao desenvolvemento da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo para o territorio. Co obxecto de comprobar este obxectivo, e segundo se establece na cláusula decimo novena do citado convenio o GALP debe elaborar un informe anual de actividades que recolla a labor do GALP no desenvolvemento sostible do seu territorio.

O GALP, en tanto que é unha entidade que xestiona fondos públicos – cofinanciados pola Unión Europea– debe realizar os procedementos de contratación con suxeición a procedementos que sigan os principios que inspiran a lexislación vixente sobre contratación pública e se axusten aos Regulamentos Comunitarios de aplicación e ás orientacións da Comisión europea en relación co bo uso dos Fondos e a prevención do fraude.

Ademais, no relativo á contratación, a cláusula sétima do Convenio de Colaboración establece as regras e principios xerais que rexerán en materia de contratación que é desenvolvido por diferentes instrucións ditadas con posterioridade. No intre actual está en vigor a Instrución nº 11 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre os procedementos de contratación dos GALPs.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)



Por este motivo, o Grupo solicita a súa mellor oferta para a realización dunha Asistencia Técnica que ten coma obxectivo a realización do informe anual 2021 das actividades do GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia. Costa Sostible así como un resumo divulgativo do mesmo e, en concreto, os que se detallan no apartado Obxecto da Asistencia Técnica.

Obxecto da Asistencia Técnica.

En particular, o traballo da asistencia técnica incluirá:

1. Informe de Seguimento segundo modelo elaborado pola D. X. de Desenvolvemento Pesqueiro e que se achega con este documento, **o informe elaborárase a partir do punto 4 do citado modelo este incluído**

2. Cadro de indicadores da EDLP que inclúa o cálculo dos indicadores definidos na EDLP e co seu obxectivo:

- “o seguimento dos indicadores establecidos é a avaliación da efectividade, eficiencia, relevancia, utilidade e sostibilidade das medidas realizadas para a execución da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia, Costa Sostible. Dito documento estará relacionado coa xestión do FEMP e está destinado a realizar un seguimento da aplicación do programa de axudas e a execución dos gastos de xestión asociados a súa posta en marcha.

3. Incorpórase este ano aos obxectivos do Informe anual o Control e seguimento dos proxectos aprobados segundo se contempla na EDLP do GALP Seo Fisterra Ría Muros- Noia e, será parte do traballo a definición e realización dun plan de control e seguimento de proxectos aprobados conforme se establece na EDLP.

Poderán ser obxecto de seguimento e control os proxectos aprobados e con certificación final presentada, que son os seguintes:





PROXECTOS PRODUTIVOS: 33

PROXECTOS NON PRODUTIVOS: 19

5. Documento Resumo do informe anual para a súa distribución aos asociados. A maquetación e impresión dos distintos exemplares será realizada polo Grupo.

6. Actualización das fichas finais dos proxectos executados para a web galp.xunta.gal e a web da Red Española de Grupos de Pesca.

Deberán achegarse os informes en formatos editables (arquivos de texto e follas de cálculo) así como documentos finais en formato .Pdf e impresos segundo proceda. En particular, deberán achegarse os datos económicos dos proxectos en formatos actualizables coas táboas que manexa o GALP Seo Fisterra Ría Muros-Noia para que logo poidan ser actualizados polo Grupo.

O informe deberá cumprir tamén co Regulamento de disposicións comúns (Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento e do Consello) en relación ao seguimento da posta en práctica da estratexia e das operacións subvencionadas (art. 33.1.f.).

Por outra banda, por tratarse de datos sensibles os que se deben manexar, o traballo deberá realizarse mediante cláusula de confidencialidade e, preferiblemente, co persoal asignado ao encargo neste caso a xerente do Grupo.

Prazo de execución.

A execución desta actividade ten un prazo de seis meses agás o informe anual para a súa remisión á Consellería do Mar que deberá entregarse antes do 27 de xaneiro





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

de 2022.

Prazo de presentación das ofertas.

O prazo para a presentación de ofertas é de sete días naturais dende a data de publicación destas prescricións e rematará o vindeiro mércores doce de xaneiro. As propostas presentaranse no correo electrónico ao enderezo galp.mar.costasostible@xunta.gal.

Prezo do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 7.000,00 euros máis IVE non aceptándose ningunha proposta por riba desta contía.

Contido da oferta.

A oferta deberá incluír:

1. Proposta técnica. Na oferta deberá especificarse os produtos resultantes da asistencia técnica e os seus formatos.
2. Definición do Plan de control e seguimento de expedientes a desenvolver así como indicación dos criterios e número de expedientes que se someterán a control
2. Orzamento desagregado.
3. Anexo III Declaración responsable do licitador.
4. Acreditación da capacidade de contratar coa administración de correspondencia do obxecto social da empresa co obxecto do contrato.
5. Acreditación de coñecemento da materia e, en particular, a execución de proxectos ao abeiro do FEMP e, especialmente, de traballos semellantes (avaliación de programas



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

de desenvolvemento con Fondos Europeos), con especial interese na avaliación de indicadores e resultados

Criterios de adxudicación.

A adxudicación realizarase a oferta máis vantaxosa economicamente.

En Muros a 4 de Xaneiro de 2022

Daniel Formoso Moledo

Presidente Galp Costa Sostible



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)